**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA VINTE E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS**

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 21 de outubro de 2022. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García,** e coa asistencia dos edís **D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D. Miguel Lorenzo Torres, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade**, **D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González, D.ª Mónica Martínez Lema e D.ª Isabel Faraldo Calvo**, reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria y urgente en primeira convocatoria.

Desculpa a súa ausencia o señor concelleiro **D. Iago Martínez Durán.**

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal.**

***SESIÓN EXTRAORDINARIA Y URGENTE DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA VEINTIUNO DE OCTUBRE DE DOS MIL VEINTIDÓS***

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 21 de octubre de 2022. Bajo la presidencia de la **Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García,** y con la asistencia de los ediles **D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D. Miguel Lorenzo Torres, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González, D.ª Mónica Martínez Lema e D.ª Isabel Faraldo Calvo**, se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión extraordinaria y urgente en primera convocatoria.*

*Disculpa su ausencia el señor concejal **D. Iago Martínez Durán.***

*Da fe del acto el infrascrito **secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, hallándose además presente el **interventor general, don Ángel David Murado Codesal.***

Ás doce horas e trinta e oito minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

*A las doce horas y treinta y ocho minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

**I. PARTE RESOLUTIVA**

***I. PARTE RESOLUTIVA***

**Intervencións**

***Intervenciones***

Moi bo día a todos e a todas. Benvidos a esta sesión extraordinaria e urxente do Pleno. Saudamos a todos os membros da Corporación, personal municipal que nos acompaña, señor secretario, señor interventor, xornalistas acreditados e aqueles que nos seguen na tribuna de convidados ou a través do *streaming.*

*Muy buenos días a todos y a todas. Bienvenidos a esta sesión extraordinaria y urgente del Pleno. Saludamos a todos los miembros de la Corporación, personal municipal que nos acompaña, señor secretario, señor interventor, periodistas acreditados y a aquellos que nos siguen en la tribuna de invitados o a través de la retransmisión en directo.*

Comezamos na Parte Resolutiva co asunto número 1. Señor secretario.

*Comenzamos en la Parte Resolutiva con el asunto número 1. Señor secretario.*

**ASUNTO 1**

***ASUNTO 1***

**153. Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión.**

***153. Pronunciamiento del Pleno sobre la urgencia de la sesión.***

**Señor Secretario**

***Señor Secretario***

Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión.

*Pronunciamiento del Pleno sobre la urgencia de la sesión.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Ben, neste punto, a motivación para urxencia da sesión, é que con data 5 de outubro de 2022 publicouse no BOE a Orde que recolle o acordo polo que se inicia o procedemento para a determinación da sede física da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial, AESIA, e o prazo para a presentación de candidaturas é de un mes desde a publicación do informe no Boletín Oficial do Estado, e a teor da urxencia da presentación da candidatura da cidade, por parte do Pleno de esta entidade local, con toda a documentación

*Bien, en este punto, la motivación para urgencia de la sesión, es que con fecha 5 de octubre de 2022 se publicó en el BOE la Orden que recoge el acuerdo por el que se inicia el procedimiento para la determinación de la sede física de la Agencia Española de Supervisión de Inteligencia Artificial, AESIA, y el plazo para la presentación de candidaturas es de un mes desde la publicación del informe en el Boletín Oficial del Estado, y a tenor de la urgencia de la presentación de la candidatura de la ciudad, por parte del Pleno de esta entidad local, con toda la*

que sexa procedente achegar, ante a necesidade de solicitalo no prazo establecido un informe do Consello de Goberno da Xunta de Galicia que acompaña a candidatura, resulta imprescindible e urxente a celebración dunha sesión plenaria desta corporación municipal para amosar o apoio á citada candidatura e instar a Xunta de Galicia a que respalde expresamente a candidatura da cidade da Coruña, tal e como se establece no seguinte punto no acordo plenario.

Polo tanto, cómpre votar a urxencia da sesión e imos proceder á votación.

**Votación do asunto número un**

Seguidamente, pola Presidencia sométese a votación o asunto número un referenciado na orde do día, pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (3 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

**Presidencia**

*documentación que sea procedente aportar, ante la necesidad de solicitar en el plazo establecido un informe del Consejo de Gobierno de la Xunta de Galicia que acompaña la candidatura, resulta imprescindible y urgente la celebración de una sesión plenaria de esta corporación municipal para mostrar el apoyo a la citada candidatura e instar a la Xunta de Galicia a que respalde expresamente la candidatura de la ciudad de A Coruña, tal y como se establece en el siguiente punto en el acuerdo plenario.*

*Por lo tanto, hace falta votar la urgencia de la sesión y vamos a proceder a la votación.*

***Votación del asunto número uno***

*Seguidamente, por la Presidencia se somete a votación el asunto número uno referenciado en el orden del día, pronunciamiento del Pleno sobre la urgencia de la sesión, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (3 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).*

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).*

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).*

***Presidencia***

Moitas grazas. Queda aprobado por unanimidade.

*Muchas gracias. Queda aprobado por unanimidad.*

Asunto número dous.

*Asunto número dos.*

**ASUNTO 2**

***ASUNTO 2***

**154. Candidatura da cidade da Coruña para albergar a sede da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA).**

***154. Candidatura de la ciudad de A Coruña para albergar la sede de la Agencia Estatal de Supervisión de la Inteligencia Artificial (AESIA).***

**Señor Secretario**

***Señor Secretario***

Unicamente que nos esquencimos de desculpar o señor Iago Martínez Durán, que por razóns de saúde non pode estar presente.

*Únicamente que en nos olvidamos de disculpar al señor Iago Martínez Durán, que por razones de salud no puede estar presente.*

Asunto número dous, candidatura da cidade da Coruña para albergar a sede da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial.

*Asunto número dos, candidatura de la ciudad de A Coruña para albergar la sede de la Agencia Estatal de Supervisión de la Inteligencia Artificial.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Ben, lle desexamos unha pronta recuperación ó noso compañeiro, señor Martínez Durán.

*Bien, le deseamos una pronta recuperación a nuestro compañero, señor Martínez Durán.*

Pasamos xa ó asunto número dous. Ten a palabra o voceiro do Goberno municipal para facer unha exposición do asunto e a continuación haberá unha única quenda por Grupo de cinco minutos.

*Pasamos ya al asunto número dos. Tiene la palabra el portavoz del Gobierno municipal para hacer una exposición del asunto y a continuación habrá un único turno por Grupo de cinco minutos.*

Señor Lage, ten a palabra.

*Señor Lage, tiene la palabra.*

**Señor Lage Tuñas**

***Señor Lage Tuñas***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

Bo día a todas e a todos, membros da Corporación municipal e a todos aqueles que estén seguindo esta sesión.

*Buenos días a todas y a todos, miembros de la Corporación municipal y a todos aquellos que estén siguiendo esta sesión.*

Estamos diante dun asunto de máxima

*Estamos ante de un asunto de máxima*

relevancia para a nosa cidade e quero recordar que dentro das políticas de descentralización dos organismos públicos que está a levar á práctica o Goberno de España, figura tamén o emprazamento en diversos lugares da xeografía española das axencias estatais, axencias estatais que son de diferente ámbito sectorial e que o Goberno de España considera que non deben de estar todas centralizadas en Madrid, na capital de España. Entre as axencias ás que se fai referencia por parte do Goberno de España destaca a denominada Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial, cun acrónimo que comeza a ser coñecido como AESIA.

*relevancia para nuestra ciudad y quiero recordar que dentro de las políticas de descentralización de los organismos públicos que está llevando a la práctica el Gobierno de España, figura también el emplazamiento en diversos lugares de la geografía española de las agencias estatales, agencias estatales que son de diferente ámbito sectorial y que el Gobierno de España considera que no deben estar todas centralizadas en Madrid, en la capital de España. Entre las agencias a las que se hace referencia por parte del Gobierno de España destaca la denominada Agencia Española de Supervisión de Inteligencia Artificial, con un acrónimo que comienza a ser conocido como AESIA.*

Concretamente o pasado día 13 de setembro, un día moi importante, pois o Goberno de España deu inicio ó proceso para a elección da sede da citada axencia, publicando o 5 de outubro no Boletín Oficial do Estado os criterios de selección que permitirán avaliar as candidaturas que se presenten. A nosa cidade, A Coruña, cumpre sobradamente cos criterios, con moita diferencia, e ademais podemos dicir con absoluto rigor que é a cidade galega que mellor puntuación obxectiva podería obter en calquera análise que se faga en cada unha das categorías que se teñen en conta nesta convocatoria.

*Concretamente el pasado día 13 de septiembre, un día muy importante, pues el Gobierno de España dio inicio al proceso para la elección de la sede de la citada agencia, publicando el 5 de octubre en el Boletín Oficial del Estado los criterios de selección que permitirán evaluar las candidaturas que se presenten. Nuestra ciudad, A Coruña, cumple sobradamente con los criterios, con mucha diferencia, y además podemos decir con absoluto rigor que es la ciudad gallega que mejor puntuación objetiva podría obtener en cualquier análisis que se haga en cada una de las categorías que se tienen en cuenta en esta convocatoria.*

Nesta exposición inicial e nesta proposta sometida a Pleno iremos analizando un por un os motivos polos que en cada categoría é A Coruña a cidade que debe ser mellor valorada, pero non sen antes destacar un dato dos criterios de selección que é especialmente relevante e que ademais forma parte dos puntos que se someten a votación neste pleno da Corporación. O Estado fixa, en caso de que exista en cada comunidade autónoma máis dunha cidade que opte a acoller esta

*En esta exposición inicial y en esta propuesta sometida a Pleno iremos analizando uno por uno los motivos por los que en cada categoría es A Coruña la ciudad que debe ser mejor valorada, pero no sin antes destacar un dato de los criterios de selección que es especialmente relevante y que además forma parte de los puntos que se someten a votación en este pleno de la Corporación. El Estado fija, en caso de que exista en cada comunidad autónoma más de una ciudad que opte a*

axencia, para que sexa o goberno autonómico o que establezca a súa prioridade. É dicir, na gobernanza multinivel que hai en España, froito do Estado das Autonomías e da Constitución de 1978, as cidades presentamos candidaturas, as comunidades autónomas definen cal é a súa prioridade e quen resolve finalmente é o Estado, que é quen detenta en último lugar a titularidade da Axencia, precisamente chámase Axencia Estatal.

*acoger esta agencia, para que sea el gobierno autonómico el que establezca su prioridad. Es decir, en la gobernanza multinivel que hay en España, fruto del Estado de las Autonomías y de la Constitución de 1978, las ciudades presentamos candidaturas, las comunidades autónomas definen cuál es su prioridad y quien resuelve finalmente es el Estado, que es quien detenta en último lugar la titularidad de la Agencia, precisamente se llama Agencia Estatal.*

En Galicia, como saben, existen tres candidaturas, todas elas, por suposto, non só respectable, senón comprensible que cada goberno local a defenda e o faga con toda lexitimidade, aspirando a acoller a sede deste organismo ou de calquera outro organismo que haxa que determinar nun proceso de concurrencia e nunha convocatoria pública. Non é o tempo de denominar de ningún xeito a outros galegos e galegas. A Coruña é a cidade que historicamente leva a voz de Galicia e hai sobradas mostras do mesmo. Polo tanto, frente a todos aqueles que poidan esgrimir os discursos, se son localistas ou non, o que fai falta é falar da España do século XXI cunha gobernanza multinivel, unha gobernanza no que as cidades presentamos as nosas propostas, as comunidades autónomas dicen cal é a súa prioridade e o Goberno de España finalmente resolve.

*En Galicia, como saben, existen tres candidaturas, todas ellas, por supuesto, no solo respetable, sino comprensible que cada gobierno local la defienda y lo haga con toda legitimidad, aspirando a acoger la sede de este organismo o de cualquier otro organismo que haya que determinar en un proceso de concurrencia y en una convocatoria pública. No es el tiempo de denominar de ninguna forma a otros gallegos y gallegas. A Coruña es la ciudad que históricamente lleva la voz de Galicia y hay sobradas muestras del mismo. Por lo tanto, frente a todos aquellos que puedan esgrimir los discursos, si son localistas o no, lo que hace falta es hablar de la España del siglo XXI con una gobernanza multinivel, una gobernanza en la que las ciudades presentamos nuestras propuestas, las comunidades autónomas dicen cuál es su prioridad y el Gobierno de España finalmente resuelve.*

Neste caso, a nosa cidade, e baixo o punto de vista do Goberno municipal, dos axentes económicos e sociais da cidade e, por que non dicilo tamén, de toda a capacidade científica que hai na nosa contorna, véxase a Universidade da Coruña, é quen mellor cumpre os parámetros desta convocatoria, baixo o noso punto de vista é a nosa cidade, A Coruña. Pero non pensamos que esto sexa unha posición de parte. Esto non é a posición que defende o Partido Socialista

*En este caso, nuestra ciudad, y bajo el punto de vista del Gobierno municipal, de los agentes económicos y sociales de la ciudad y, por qué no decirlo también, de toda la capacidad científica que hay en nuestra entorno, véase la Universidad de A Coruña, es quien mejor cumple los parámetros de esta convocatoria, bajo nuestro punto de vista es nuestra ciudad, A Coruña. Pero no pensamos que esto sea una posición de parte. Esto no es la posición que defiende el Partido Socialista*

na Coruña, esto non é a posición que defende a alcaldesa da Coruña, por suposto. Nós entendemos que non hai ningún membro da Corporación que albergue dúbidas sobre a afirmación que acabo de facer. A Coruña é a cidade que mellor cumpre os parámetros desta convocatoria e lexitimamente presentamos a nosa candidatura sabendo que competimos en toda España e que non é nada doado, pero falta algo fundamental, e é a parte que corresponde ó Goberno de Galicia, á Xunta de Galicia. Falta, iso si, que a Xunta se pronuncie sobre este asunto, cousa que non fixo ata o de agora. Ata o de agora o que fixo foi declaracións públicas de non comprometerse e, polo tanto, non priorizar. Falta que a Xunta de Galicia apoie a nosa candidatura, que aposte pola cidade. É un asunto de máxima relevancia que así o faga se queremos aspirar a que un organismo de tanto peso teña aquí a súa sede. Por iso, ademais de refrendar con este pleno a nosa candidatura, pedímoslle á Xunta de Galicia que defenda A Coruña como a primeira opción para a AESIA, para Axencia de Intelixencia Artificial.

Non se trata —entendámonos ben—, non se trata de que a Xunta favoreza a esta cidade, que xa sabemos que non o vai facer. A historia demostra que as decisións tomadas pola Xunta de Galicia non foron precisamente beneficiar a cidade da Coruña. Trátase —nin máis nin menos— de que recoñeza o mesmo que aquí temos todos e todas moi claro: que somos o emprazamento idóneo, que A Coruña é o emprazamento idóneo porque cumprimos mellor que ninguén os obxectivos fixados, os criterios que figuran nunha convocatoria do Estado. É evidente que a Xunta ten que poñelo por escrito e defender os intereses das coruñesas e dos coruñeses, que tamén somos galegos e galegas, así como apoiar

*en A Coruña, esto no es la posición que defiende la alcaldesa de A Coruña, por supuesto. Nosotros entendemos que no hay ningún miembro de la Corporación que albergue dudas sobre la afirmación que acabo de hacer. A Coruña es la ciudad que mejor cumple los parámetros de esta convocatoria y legítimamente presentamos nuestra candidatura sabiendo que competimos en toda España y que no es nada fácil, pero falta algo fundamental, y es la parte que corresponde al Gobierno de Galicia, a la Xunta de Galicia. Falta, eso sí, que la Xunta se pronuncie sobre este asunto, cosa que no hizo hasta ahora. Hasta ahora lo que hizo fue declaraciones públicas de no comprometerse y, por lo tanto, no priorizar. Falta que la Xunta de Galicia apoye nuestra candidatura, que apueste por la ciudad. Es un asunto de máxima relevancia que así lo haga si queremos aspirar a que un organismo de tanto peso tenga aquí su sede. Por eso, además de refrendar con este pleno nuestra candidatura, le pedimos a la Xunta de Galicia que defienda A Coruña como la primera opción para la AESIA, para Agencia de Inteligencia Artificial.*

*No se trata —entendámonos bien—, no se trata de que la Xunta favorezca a esta ciudad, que ya sabemos que no lo va a hacer. La historia demuestra que las decisiones tomadas por la Xunta de Galicia no fueron precisamente beneficiar a la ciudad de A Coruña. Se trata —nada más y nada menos— de que reconozca lo mismo que aquí tenemos todos y todas muy claro: que somos el emplazamiento idóneo, que A Coruña es el emplazamiento idóneo porque cumplimos mejor que nadie los objetivos fijados, los criterios que figuran en una convocatoria del Estado. Es evidente que la Xunta tiene que ponerlo por escrito y defender los intereses de las coruñesas y de los coruñeses, que también somos gallegos y gallegas, así como*

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



o espíritu descentralizador que leva ó Estado a espallar organismos por todo o territorio.

*apoyar el espíritu descentralizador que lleva al Estado a distribuir organismos por todo el territorio.*

Agardamos dende o Goberno municipal, coa nosa alcaldesa á cabeza, que a Xunta teña a precisa sensibilidade con este asunto e saiba defender, que non favorecer, defender, que non favorecer, os intereses da cidadanía coruñesa e dunha cidade que de feito é xa a capital tecnolóxica de Galicia por dereito propio, non porque nos den ningún privilexio ninguén desde ningún outro sitio, por dereito propio tanto en medios e formación públicos, como polo tecido empresarial do que tanto a cidade como a súa contorna dispoñen.

*Esperamos desde el Gobierno municipal, con nuestra alcaldesa a la cabeza, que la Xunta tenga la precisa sensibilidad con este asunto y sepa defender, que no favorecer, defender, que no favorecer, los intereses de la ciudadanía coruñesa y de una ciudad que de hecho es ya la capital tecnológica de Galicia por derecho propio, no porque nos den ningún privilegio nadie desde ningún otro sitio, por derecho propio tanto en medios y formación públicos, como por el tejido empresarial del que tanto la ciudad como su entorno disponen.*

Temos que estar moi orgullosos das empresas tecnolóxicas que temos, e temos que estar moi orgullosos da nosa capacidade. Só falta que non remen en sentido contrario, que quen está no goberno de Galicia non faga o que ten feito moitas veces, que é ir en contra dos intereses das coruñesas e dos coruñeses. Non pedimos ningunha esmola, non pedimos ningún favor, solo pedimos que se recoñeza o que somos: a capital tecnolóxica de Galicia, o polo empresarial tecnolóxico máis potente de Galicia.

*Tenemos que estar muy orgullosos de las empresas tecnológicas que tenemos, y tenemos que estar muy orgullosos de nuestra capacidad. Solo falta que no remen en sentido contrario, que quien está en el gobierno de Galicia no haga lo que ha hecho muchas veces, que es ir en contra de los intereses de las coruñesas y de los coruñeses. No pedimos ninguna limosna, no pedimos ningún favor, solo pedimos que se reconozca lo que somos: la capital tecnológica de Galicia, el polo empresarial tecnológico más potente de Galicia.*

Non quero recordar que a Xunta nesta cidade xa decidiu fai moitos anos un baleirado de organismos públicos. Só agardamos que agora non fagan o mesmo, e polo tanto, o que agardamos tamén é que todos os Grupos teñan a mesma sensibilidade porque nos estamos a xogar moito. Entendo que todos coincidimos na importancia de atraer máis e mellores servicios a esta cidade, sobre todo se son, como neste caso, servizos punteiros que en simbiose co noso tecido produtivo e educativo axudarán ó desenvolvemento económico, non só do noso municipio,

*No quiero recordar que la Xunta en esta ciudad ya decidió hace muchos años un vaciamiento de organismos públicos. Solo esperamos que ahora no hagan lo mismo, y por lo tanto, lo que esperamos también es que todos los Grupos tengan la misma sensibilidad porque nos estamos jugando mucho. Entiendo que todos coincidimos en la importancia de atraer más y mejores servicios a esta ciudad, sobre todo si son, como en este caso, servicios punteros que en simbiosis con nuestro tejido productivo y educativo ayudarán al desarrollo económico, no solo de nuestro municipio,*

senón tamén do conxunto da área metropolitana. E, polo tanto, paso a enumerar os motivos polos que cumprimos con nota cada un dos criterios exixidos.

*sino también del conjunto del área metropolitana. Y, por lo tanto, paso a enumerar los motivos por lo que cumplimos con nota cada uno de los criterios exigidos.*

**Ás doce horas e cincuenta e sete minutos sae do Salón de Sesións a señora Cameán Calvete.**

***A las doce horas y cincuenta y siete minutos sale del Salón de Sesiones la señora Cameán Calvete.***

En primeiro lugar, o Estado considera prioritario o ofrecemento dun inmoble capaz de acoller a AESIA. Pois o Concello ofrécelles para tal fin, por unha banda un edificio céntrico, emblemático e operativo, con espazo suficiente e de valor singular: a Terraza nos xardíns de Méndez Núñez, e un espacio complementario, colaborativo e de primeiro nivel, con unha aposta de toda Galicia por el, que é a Cidade das TIC. Temos a singularidade histórica, un edificio operativo presente, e o presente e o futuro que supón a Cidade das TIC. Polo tanto, un binomio que non ten competencia posible. Neste momento é un inmoble en uso, moi infrautilizado, ó cal o Concello estaba buscándolle o mellor uso posible e que mellor que a Axencia de Intelixencia Artificial. Axudarémoslle a Radiotelevisión Española a ter un espazo alternativo para que poidan seguir prestando nesta cidade os seus servicios, propoñendo A Terraza como sede para a AESIA. Non hai ningún concello que poida ofertar un inmoble con este emprazamento, nin hai ningún concello que poida ofertar un espacio singular pensado precisamente para todo o polo empresarial, como é a Cidade das TIC.

*En primer lugar, el Estado considera prioritario la oferta de un inmueble capaz de acoger la AESIA. Pues el Ayuntamiento les ofrece para tal fin, por una parte un edificio céntrico, emblemático y operativo, con espacio suficiente y de valor singular: la Terraza en los jardines de Méndez Núñez, y un espacio complementario, colaborativo y de primer nivel, con una apuesta de toda Galicia por él, que es la Ciudad de las TIC. Tenemos la singularidad histórica, un edificio operativo presente, y el presente y el futuro que supone la Ciudad de las TIC. Por lo tanto, un binomio que no tiene competencia posible. En este momento es un inmueble en uso, muy infrautilizado, al cual el Ayuntamiento estaba buscando el mejor uso posible y qué mejor que la Agencia de Inteligencia Artificial. Ayudaremos a Radiotelevisión Española a tener un espacio alternativo para que puedan seguir prestando en esta ciudad sus servicios, proponiendo La Terraza como sede para la AESIA. No hay ningún ayuntamiento que pueda ofertar un inmueble con este emplazamiento, ni hay ningún ayuntamiento que pueda ofertar un espacio singular pensado precisamente para todo el polo empresarial, como es la Ciudad de las TIC.*

En canto á oferta de transporte público, A Coruña cumpre sobradamente. Dispoñemos de conexións por autovía, por autopista e por estrada. Contamos cun aeroporto, o aeroporto de Alvedro. Contamos cunha estación de ferrocarril

*En cuanto a la oferta de transporte público, A Coruña cumple sobradamente. Disponemos de conexiones por autovía, por autopista y por carretera. Contamos con un aeropuerto, el aeropuerto de Alvedro. Contamos con una estación de*

con trens de alta velocidade e tamén está en marcha a intermodal e, por que non dicilo, tódolos medios alternativos que temos para A Coruña, non só do presente, senón tamén do futuro. A algúns pódelles parecer menor se teñen unha visión curta, pero a aposta por BiciCoruña con máis de 55 estacións serían conscientes da relevancia do que estamos a facer na cidade se coñeceran o crecemento exponencial que se produce mes a mes de usuarios deste servicio, algo do que debemos de sentirnos todos orgullosos.

*ferrocarril con trenes de alta velocidad y también está en marcha la intermodal y, por qué no decirlo, todos los medios alternativos que tenemos para A Coruña, no solo del presente, sino también del futuro. A algunos puede parecerles menor si tienen una visión corta, pero la apuesta por BiciCoruña con más de 55 estaciones serían conscientes de la relevancia de lo que estamos haciendo en la ciudad si conocieran el crecimiento exponencial que se produce mes a mes de usuarios de este servicio, algo de lo que debemos de sentirnos todos orgullosos.*

O Estado tamén pide que exista un ecosistema universitario vinculado ás novas tecnoloxías, e tamén nese eido somos con diferencia a cidade que mellor cumpre. Non só temos o grao, precisamente de Intelixencia Artificial, outros o van a ter e son benvidos, e son respectados, pero non falamos do que vai a ser, senón do que é. Temos o grao de Intelixencia Artificial, pero non só temos o grao, tamén temos a primeira facultade de Informática de Galicia. O 50 % dos estudantes de Enxeñería Informática de Galicia fórmanse aquí, na Coruña, e o 57 % de todo o profesorado galego está tamén aquí, na Coruña. Dos 2.233 alumnos de Enxeñería Informática que hai hoxe en Galicia, 1.307 están a estudar na Coruña. Case a metade da literatura científica das universidades galegas prodúcese tamén na nosa cidade, que agrupa tamén a máis variada oferta de formación vinculada a este sector.

*El Estado también pide que exista un ecosistema universitario vinculado a las nuevas tecnologías, y también en ese campo somos con diferencia la ciudad que mejor cumple. No solo tenemos el grado, precisamente de Inteligencia Artificial, otros van a tenerlo y son bienvenidos, y son respetados, pero no hablamos de lo que va a ser, sino de lo que es. Tenemos el grado de Inteligencia Artificial, pero no solo tenemos el grado, también tenemos la primera facultad de Informática de Galicia. El 50 % de los estudiantes de Ingeniería Informática de Galicia se forman aquí, en A Coruña, y el 57 % de todo el profesorado gallego está también aquí, en A Coruña. De los 2.233 alumnos de Ingeniería Informática que hay hoy en Galicia, 1.307 están estudiando en A Coruña. Casi la mitad de la literatura científica de las universidades gallegas se produce también en nuestra ciudad, que agrupa también la más variada oferta de formación vinculada la este sector.*

Outro requisito que pide tamén a convocatoria é un ecosistema empresarial axeitado. A Coruña cumpre sobradamente, primeiro impulsando a creación da Cidade das TIC, pero é que na Coruña e na nosa contorna emprázanse o 49,2 % das empresas galegas do sector. É dicir, a metade do sector tecnolóxico

*Otro requisito que pide también la convocatoria es un ecosistema empresarial adecuado. A Coruña cumple sobradamente, primero impulsando la creación de la Ciudad de las TIC, pero es que en A Coruña y en nuestra entorno se ubican el 49,2 % de las empresas gallegas del sector. Es decir, la mitad del sector*

galego está na Coruña, a metade dos traballadores galegos deste sector están aquí, como o están as empresas que máis facturan. Case o 60 % do volume de negocio no sector privado galego vinculado ás novas tecnoloxías concéntranse tamén na Coruña e na nosa contorna, e neste mesmo ámbito están emprazadas empresas punteiras a nivel nacional e internacional, e non hai por que non dicilo, porque estou seguro de que todos nos sentimos orgullosos de ter servizos financeiros e de ter grandes empresas nesta cidade e na súa contorna.

*tecnológico gallego está en A Coruña, la mitad de los trabajadores gallegos de este sector están aquí, como lo están las empresas que más facturan. Casi el 60 % del volumen de negocio en el sector privado gallego vinculado a las nuevas tecnologías se concentran también en A Coruña y en nuestra entorno, y en este mismo ámbito están ubicadas empresas punteras a nivel nacional e internacional, y no hay por que no decirlo, porque estoy seguro de que todos nos sentimos orgullosos de tener servicios financieros y de tener grandes empresas en esta ciudad y en su entorno.*

Este goberno municipal, coa nosa alcaldesa á cabeza, está orgulloso de ter grandes empresas na cidade. E o dicimos abertamente: ter a Inditex aquí é algo que non se debe de esconder. Hai que ser capaces de recoñecer e sentirse orgullosos. Incluso aqueles, incluso aqueles que falaban mal, hoxe son capaces de falar ben. Estamos avanzando, é positivo. Estas empresas tamén apostan pola aplicación da intelixencia artificial e son empresas de referencia. A cidade construímola entre todos, polo tanto, todas e todos somos importantes.

*Este gobierno municipal, con nuestra alcaldesa a la cabeza, está orgulloso de tener grandes empresas en la ciudad. Y lo decimos abiertamente: tener a Inditex aquí es algo que no se debe de esconder. Hay que ser capaces de reconocer y sentirse orgullosos. Incluso aquellos, incluso aquellos que hablaban mal, hoy son capaces de hablar bien. Estamos avanzando, es positivo. Estas empresas también apuestan por la aplicación de la inteligencia artificial y son empresas de referencia. La ciudad la construimos entre todos, por lo tanto, todas y todos somos importantes.*

**Ás trece horas entra no Salón de Sesións a señora Cameán Calvete.**

***A las trece horas entra en el Salón de Sesiones la señora Cameán Calvete.***

E para a nosa desgraza tamén cumprimos cun criterio que nos gustaría non cumprir, o que indica que a loita contra a despoboación é tamén un requisito. A Coruña, como 30 concellos da nosa área de influencia, repito, 30, tivemos o ano pasado un saldo vexetativo negativo. Ogallá fose doutro xeito, mais a falta de políticas de fomento da natalidade por parte da Xunta de Galicia ten estes tristes resultados. Non me extraña cando se escoita á responsable da sanidade galega, á xerente do Sergas, dicindo que nos

*Y para nuestra desgracia también cumplimos con un criterio que nos gustaría no cumplir, el que indica que la lucha contra la despoblación es también un requisito. A Coruña, como 30 ayuntamientos de nuestra área de influencia, repito, 30, tuvimos el año pasado un saldo vegetativo negativo. Ojalá fuera de otro modo, pero la falta de políticas de fomento de la natalidad por parte de la Xunta de Galicia tiene estos tristes resultados. No me extraña cuando se escucha a la responsable de la sanidad*

centros de saúde a ver se nos imos todos acostumbrando que alí non ten que haber pediatras. Non sei que é o que ten que haber, ó mellor ten que haber músicos. En fin... en que mans estamos.

*gallega, a la gerente del Sergas, diciendo que en los centros de salud a ver si nos vamos todos acostumbrando que allí no tiene que haber pediatras. No sé que es lo que tiene que haber, a lo mejor tiene que haber músicos. En fin... en qué manos estamos.*

Temos motivos máis que sobrados para acoller a sede da AESIA, e eses motivos, como vostedes poden ver, seguramente son motivos que todos coñecemos e compartimos. Trátase en todo caso de que o saiba tamén a Xunta de Galicia. É hora de que máis alá do regate corto, máis alá da tentación de facer partidismo cun asunto coma este, todos e todas os que representamos a esta cidade neste pleno estemos á altura e poñamos por diante o interese desta cidade por riba de calquera outro interese, e polo tanto, igual que a nosa alcaldesa se plantou diante do Goberno de España para conseguir que saíra o tren a Punta Langosteira, a estación intermodal ou o dragado da ría do Burgo neste mandato, pídolles a todos e a todas os que teñen algo que dicir noutras administracións que poñan por diante A Coruña.

*Tenemos motivos más que sobrados para acoger la sede de la AESIA, y esos motivos, como ustedes pueden ver, seguramente son motivos que todos conocemos y compartimos. Se trata en todo caso de que lo sepa también la Xunta de Galicia. Es hora de que más allá del regate corto, más allá de la tentación de hacer partidismo con un asunto como este, todos y todas los que representamos a esta ciudad en este pleno estemos a la altura y pongamos por delante el interés de esta ciudad por encima de cualquier otro interés, y por lo tanto, igual que nuestra alcaldesa se plantó ante el Gobierno de España para conseguir que saliera el tren a Punta Langosteira, la estación intermodal o el dragado de la ría de O Burgo en este mandato, les pido a todos y a todas los que tienen algo que decir en otras administraciones que pongan por delante A Coruña.*

Hoxe damos un primeiro paso e este goberno municipal, máis alá de reproches e do papel que xogue cada Grupo Municipal, non contempla outra opción que que todos xuntos e todas xuntas vaiamos da man defendendo A Coruña, a nosa cidade. Non hai outra alternativa. Só cabe unha posición, non hai máis posicións posibles porque representamos a esta cidade, uns dende a esquerda, outros dende a dereita e outros dende onde sexa, pero desde logo, desde logo, só temos unha única posición no Pleno de hoxe. Poñamos por riba de todo o que nos une e deixemos por unha vez ó marxe as diferencias que teñamos. Debémosllo á cidade e debémosllo á dignidade de

*Hoy damos un primer paso y este gobierno municipal, más allá de reproches y del papel que juegue cada Grupo Municipal, no contempla otra opción que qué todos juntos y todas juntas vayamos de la mano defendiendo A Coruña, nuestra ciudad. No hay otra alternativa. Solo cabe una posición, no hay más posiciones posibles porque representamos a esta ciudad, unos desde la izquierda, otros desde la derecha y otros desde donde sea, pero desde luego, desde luego, solo tenemos una única posición en el Pleno de hoy. Pongamos por encima de todo lo que nos une y dejemos por una vez al margen las diferencias que tengamos. Se lo debemos a la ciudad y se lo debemos a la dignidad de representar a*

representar as coruñesas e os coruñeses. Só espero que sexamos capaces de que de aquí saiamos unidos e unidas para dicir ben alto e ben claro que a Axencia Española de Intelixencia Artificial a queremos na Coruña e queremos que a Xunta de Galicia recoñeza que A Coruña é o mellor concello para albergar a sede. Esa é a nosa responsabilidade.

*las coruñesas y los coruñeses. Solo espero que seamos capaces de que de aquí salgamos unidos y unidas para decir bien alto y bien claro que la Agencia Española de Inteligencia Artificial la queremos en A Coruña y queremos que la Xunta de Galicia reconozca que A Coruña es el mejor ayuntamiento para albergar la sede. Esa es nuestra responsabilidad.*

Nada máis e moitas grazas.

*Nada más y muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Lage.

*Muchas gracias, señor Lage.*

Iniciamos a quenda de debate. Señora Faraldo, ten a palabra.

*Iniciamos el turno de debate. Señora Faraldo, tiene la palabra.*

**Señora Faraldo Calvo**

***Señora Faraldo Calvo***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

Bos días, bos días a todos e a todas as presentes e as que nos seguen tamén por *streaming.*

*Buenos días, buenos días a todos y a todas las presentes y las que nos siguen también a través de la retransmisión en directo.*

Coruña sede da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial? Claro. Por unha cuestión chauvinista, identitaria ou de amor patrio mal entendido? Non, claro que non. Por unha cuestión de posibilidade, oportunidade e idoneidade, sobre todo idoneidade.

*¿Coruña sede de la Agencia Española de Supervisión de Inteligencia Artificial? Claro. ¿Por una cuestión chauvinista, identitaria o de amor patrio mal entendido? No, claro que no. Por una cuestión de posibilidad, oportunidad e idoneidad, sobre todo idoneidad.*

A proposta que se presentou para aprobación neste pleno relata non só o cumprimento dos obxectivos marcados polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, como ben se explicou, senón ademais as óptimas cualidades da Coruña para ser sede da Axencia polos moitos motivos expostos e por máis, reúne as condicións que posibilitan que sexa apta. Creo que sería de xustiza nomear no informe tanto ao INIBIC, que fai unha plausible labor na investigación médica, onde tamén ten a

*La propuesta que se presentó para aprobación en este pleno relata no solo el cumplimiento de los objetivos marcados por el Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, como bien se explicó, sino además las óptimas cualidades de A Coruña para ser sede de la Agencia por los muchos motivos expuestos y por más, reúne las condiciones que posibilitan que sea apta. Creo que sería de justicia nombrar en el informe tanto al INIBIC, que hace una plausible labor en la investigación médica, donde*

súa pegada a intelixencia artificial, como ao seu órgano xestor, a Fundación Nóvoa Santos. Dígoo porque teñen nome propio que creo que é importante subliñar, amén de recoller o do CHUAC.

*también tiene su huella la inteligencia artificial, como a su órgano gestor, la Fundación Nóvoa Santos. Lo digo porque tienen nombre propio que creo que es importante subrayar, amén de recoger el del CHUAC.*

Os catro acordos que propoñen a este pleno, que oposición van ter? Propoñer a candidatura da cidade para acoller a sede da Axencia? Claro que si. Instar a Xunta a emisión dun informe apoiando esta candidatura? Sen duda. Facultar a Alcaldía para os trámites e xestións necesarias a partir de aí? Adiante. Dar conta á Comisión Informativa Especial Cidade das TIC na súa primeira sesión? Por descontado. Esto é un proxecto positivo para a cidade e para a cidadanía coruñesa. Non hai outra bandeira, cor, siglas ou intereses por encima deste obxectivo común. Non teño duda de que imos a estar todas a unha.

*Los cuatro acuerdos que proponen a este pleno, ¿qué oposición van a tener? ¿Proponer la candidatura de la ciudad para acoger la sede de la Agencia? Claro que sí. ¿Instar a la Xunta la emisión de un informe apoyando esta candidatura? Sin duda. ¿Facultar a la Alcaldía para los trámites y gestiones necesarias a partir de ahí? Adelante. ¿Dar cuenta a la Comisión Informativa Especial Ciudad de las TIC en su primera sesión? Por descontado. Esto es un proyecto positivo para la ciudad y para la ciudadanía coruñesa. No hay otra bandera, color, siglas o intereses por encima de este objetivo común. No tengo duda de que vamos a estar todas a una.*

Agora ben, exposto todo esto, sen ensombrecelo un mínimo, porque a cidade e a súa veciñanza están por riba de todas estas cuestións, tocan as queixas ante as formas e as informalidades.

*Ahora bien, expuesto todo esto, sin ensombrecerlo un mínimo, porque la ciudad y su vecindario están por encima de todas estas cuestiones, tocan las quejas ante las formas y las informalidades.*

Por un lado nos atopamos cun pleno extraordinario a unha semana da celebración dun pleno ordinario, onde nin se incluíu este tema, nin se incluíu declaración institucional, nin se incluíu asunto algún por parte do Goberno municipal para ir avanzando. Todo o contrario, se descartaron incluso algunhas das posibilidades. Ou sexa, que a urxencia deste pleno extraordinario non vén marcado pola premura do tema, senón pola lasitude en xestionalo. De feito se convoca un pleno 17 días despois da publicación no BOE do inicio do procedemento para a determinación da sede cando nese BOE se establece ademais un mes de prazo para a presentación de candidaturas. 17 días

*Por un lado nos encontramos con un pleno extraordinario a una semana de la celebración de un pleno ordinario, donde ni se incluyó este tema, ni se incluyó declaración institucional, ni se incluyó asunto alguno por parte del Gobierno municipal para ir avanzando. Todo lo contrario, se descartaron incluso algunas de las posibilidades. O sea, que la urgencia de este pleno extraordinario no viene marcado por la premura del tema, sino por la laxitud en gestionarlo. De hecho se convoca un pleno 17 días después de la publicación en el BOE del inicio del procedimiento para la determinación de la sede cuando en ese BOE se establece además un mes de plazo para la presentación de candidaturas. 17 días*

perdidos mentras, cidades como Alicante, Ávila ou Granada se posicionaban xa. A última en facelo foi Xixón. Pero que teñen ademais en común todas estas cidades? Que son as únicas nas súas comunidades autónomas e polo tanto teñen o respaldo xa incondicional da súa administración autonómica á hora de elaborar o informe preceptivo.

*perdidos mientras, ciudades como Alicante, Ávila o Granada se posicionaban ya. La última en hacerlo fue Gijón. Pero ¿qué tienen además en común todas estas ciudades? Que son las únicas en sus comunidades autónomas y por lo tanto tienen el respaldo ya incondicional de su administración autonómica a la hora de elaborar el informe preceptivo.*

Agora temos en Galicia tres cidades, Santiago, Ourense e Coruña, competindo, e no noso concello, lonxe de buscar consensos, apoios inquebrantables e traballar no diálogo para estar todas a unha, nos atopamos, unha vez máis, cunha postura polémica. Onde está a polémica? Pois no gran talón de Aquiles dun goberno pechado en si mesmo, onde as palabras neste pleno referidas a diálogo e portas abertas son grandilocuentes, pero os feitos un vendaval que se os leva por diante.

*Ahora tenemos en Galicia tres ciudades, Santiago, Ourense y Coruña, compitiendo, y en nuestro ayuntamiento, lejos de buscar consensos, apoyos inquebrantables y trabajar en el diálogo para estar todas a una, nos encontramos, una vez más, con una postura polémica. ¿Dónde está la polémica? Pues en el gran talón de Aquiles de un gobierno cerrado en sí mismo, donde las palabras en este pleno referidas a diálogo y puertas abiertas son grandilocuentes, pero los hechos un vendaval que se los lleva por delante.*

A prensa publica o mércores día 19 o anuncio da alcaldesa dun pleno extraordinario. Un tuiter do Concello comunica ese mismo día ás dúas ós tuiteros que o seguen que Inés Rey García convoca un pleno este venres para apoiar a candidatura da Coruña á AESIA. Á oposición, nin idea. Nin aviso, nin comunicación, nin convocatoria oficial. Onte..., onte, efectivamente, ás 15:23 se recibe da oficina de Actividad Corporativa un correo electrónico coa convocatoria e a proposta elevada desde o gabinete de Alcaldía. Nin 24 horas de antelación para un tema que leva, como mínimo, 17 días en parrilla.

*La prensa publica el miércoles día 19 el anuncio de la alcaldesa de un pleno extraordinario. Un tuit del Ayuntamiento comunica ese mismo día a las dos a los tuiteros que lo siguen que Inés Rey García convoca un pleno este viernes para apoyar la candidatura de A Coruña a la AESIA. A la oposición, ni idea. Ni aviso, ni comunicación, ni convocatoria oficial. Ayer..., ayer, efectivamente, a las 15:23 se recibe de la oficina de Actividad Corporativa un correo electrónico con la convocatoria y la propuesta elevada desde el gabinete de Alcaldía. Ni 24 horas de antelación para un tema que lleva, como mínimo, 17 días en parrilla.*

De nada valeron as queixas de plenos extraordinarios convocado baixo as mesmas formas e premuras inxustificadas. De nada valeron as queixas do último Pleno polo acordo unilateral para a Axenda Urbana, de nada. Xa no sinalo o meu caso concreto, onde

*De nada valieron las quejas de plenos extraordinarios convocado bajo las mismas formas y premuras injustificadas. De nada valieron las quejas del último Pleno por el acuerdo unilateral para la Agenda Urbana, de nada. Ya no señalo mi caso concreto, donde vengo a ciegas a este*

veño a cegas a este pleno, sin saber nin os tempos de intervención, porque nin se convocou Xunta de portavocías, nin se me inclúe no grupo de wasap das mesmas, onde se dirimen estas cuestións, obstaculizando, unha vez máis a miña labor.

*pleno, sin saber ni los tiempos de intervención, porque ni se convocó Junta de portavocías, ni se me incluye en el grupo de wasap de las mismas, donde se dirimen estas cuestiones, obstaculizando, una vez más mi labor.*

Aínda así, poñendo os intereses da cidade por diante, vou votar a favor. Xa saben desde o Goberno local que é un tema no que non van a caber medias tintas e que vai a saír adiante. Esto é ademais co que conta o PSOE, coa responsabilidade dos demais, de aí estos abusos.

*Aun así, poniendo los intereses de la ciudad por delante, voy a votar a favor. Ya saben desde el Gobierno local que es un tema en el que no van a caber medias tintas y que va a salir adelante. Esto es además con lo que cuenta el PSOE, con la responsabilidad de los demás, de ahí estos abusos.*

Grazas.

*Gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señora Faraldo.

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

Turno para o BNG, señor Jorquera.

*Turno para el BNG, señor Jorquera.*

**<u>Señor Jorquera Caselas</u>**

***<u>Señor Jorquera Caselas</u>***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

Como é habitual, quero comezar a miña intervención saudando o público que está seguindo este pleno a través do *streaming*, os membros da Corporación e as traballadoras e traballadores do Concello, e neste pleno extraordinario quero saudar de xeito singular, de xeito especial, os traballadores e traballadoras da prensa, sobre todo por ter tido a deferencia de informarnos da celebración deste pleno, porque como aconteceu co resto dos membros da Corporación, soubemos da celebración do Pleno extraordinario pola prensa. E non só iso, senón que até poucas horas antes da celebración da sesión, nin tan sequera coñeciamos os contidos concretos do que hoxe se ía debater e someter a votación.

*Como es habitual, quiero comenzar mi intervención saludando al público que está siguiendo este pleno en directo, a los miembros de la Corporación y a las trabajadoras y trabajadores del Ayuntamiento, y en este pleno extraordinario quiero saludar de manera singular, de manera especial, a los trabajadores y trabajadoras de la prensa, sobre todo por haber tenido la deferencia de informarnos de la celebración de este pleno, porque como sucedió con el resto de los miembros de la Corporación, supimos de la celebración del Pleno extraordinario por la prensa. Y no solo eso, sino que hasta pocas horas antes de la celebración de la sesión, ni tan siquiera conocíamos los contenidos concretos de lo que hoy se iba a debatir y someter a votación.*

Este xeito de proceder non só é unha falta de respecto á oposición e ás formas democráticas, senón que este xeito de proceder tamén debilita o Concello como institución e debilita a propia cidade, porque así non se constrúen consensos. O Goberno local tería que ter sido o primeiro en reunir as forzas políticas, as organizacións sociais e as institucións representativas da Coruña, asumindo un papel de liderado para construír un grande consenso de cidade en torno a esta candidatura. Como tampouco se constrúen consensos se na intervención do voceiro do Goberno municipal cando se está introducindo a cuestión, nin tan sequera no turno de debate dos voceiros, se aproveita para facer críticas máis ou menos veladas, nalgúns casos sobre cuestións que nada teñen a ver co que aquí se está debatindo. Pero en calquera caso, de novo vai ser a actitude responsábel das forzas da oposición, pese a este comportamento, a que aínda así faga o consenso posíbel.

*Esta manera de proceder no solo es una falta de respeto a la oposición y a las formas democráticas, sino que esta manera de proceder también debilita al Ayuntamiento como institución y debilita a la propia ciudad, porque así no se construyen consensos. El Gobierno local tendría que haber sido el primero en reunir a las fuerzas políticas, a las organizaciones sociales y a las instituciones representativas de A Coruña, asumiendo un papel de liderazgo para construir un gran consenso de ciudad en torno a esta candidatura. Como tampoco se construyen consensos si en la intervención del portavoz del Gobierno municipal cuando se está introduciendo la cuestión, ni tan siquiera en el turno de debate de los portavoces, se aprovecha para hacer críticas más o menos veladas, en algunos casos sobre cuestiones que nada tienen que ver con lo que aquí se está debatiendo. Pero en cualquier caso, de nuevo va a ser la actitud responsable de las fuerzas de la oposición, pese a este comportamiento, la que aun así haga el consenso posible.*

Apoiamos a proposta de que A Coruña sexa candidata para acoller a sede da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial. Facémolo porque é importante para a cidade e obxectivamente cremos que A Coruña reúne as condicións idóneas.

*Apoyamos la propuesta de que A Coruña sea candidata para acoger la sede de la Agencia Española de Supervisión de Inteligencia Artificial. Lo hacemos porque es importante para la ciudad y objetivamente creemos que A Coruña reúne las condiciones idóneas.*

Cito textualmente algunhas das características que se valorarán positivamente á hora de escoller a sede: contar cunha rede de accesos e transporte público aéreo e ferroviario, a existencia dun ecosistema universitario de formación e investigación, a existencia dun ecosistema económico e empresarial, a existencia de masa crítica de empresas TIC, o vencello da localidade co sector de intelixencia artificial, ou a existencia de

*Cito textualmente algunas de las características que se valorarán positivamente a la hora de escoger la sede: contar con una red de accesos y transporte público aéreo y ferroviario, la existencia de un ecosistema universitario de formación e investigación, la existencia de un ecosistema económico y empresarial, la existencia de masa crítica de empresas TIC, el vinculo de la localidad con el sector de inteligencia artificial, o la existencia de*

iniciativas públicas para impulsar o desenvolvemento dun ecosistema baseado na intelixencia artificial.

*iniciativas públicas para impulsar el desarrollo de un ecosistema basado en la inteligencia artificial.*

Todos estes criterios e outros máis cúmpreos A Coruña. Unha facultade de Informática, unha ampla oferta de graos mestrados e doutoramento relacionados coas TIC e a intelixencia artificial, centros de investigación de referencia, un sector TIC conformado por numerosas empresas e milleiros de empregados que representa máis da metade da facturación do sector en Galiza e un proxecto de futuro de importancia estratéxica, como é a Cidade das TIC, chamado a constituírse nun polo de referencia no eido das TIC e da innovación dixital.

*Todos estos criterios y otros más los cumple A Coruña. Una facultad de Informática, una amplia oferta de grados másteres y doctorado relacionados con las TIC y la inteligencia artificial, centros de investigación de referencia, un sector TIC conformado por numerosas empresas y miles de empleados que representa más de la mitad de la facturación del sector en Galicia y un proyecto de futuro de importancia estratégica, como es la Ciudad de las TIC, llamado a constituirse en un polo de referencia en el campo de las TIC y de la innovación digital.*

Anunciamos, por tanto, o noso voto favorábel. Estamos a favor de que a sede estea en Galiza e que a cidade que acolla esta sede sexa A Coruña, e expreso o noso desexo de que a opción de que Galiza acolla esta axencia non se vexa debilitada pola existencia de varias candidaturas. En Andalucía só vai haber unha candidatura, a de Granada, tamén na Comunitat Valenciana, a de Alacant, tamén en Asturies, a de Xixón. E en Galiza, cantas vai haber?

*Anunciamos, por tanto, nuestro voto favorable. Estamos a favor de que la sede esté en Galicia y que la ciudad que acoja esta sede sea A Coruña, y expreso nuestro deseo de que la opción de que Galicia acoja esta agencia no se vea debilitada por la existencia de varias candidaturas. En Andalucía solo va a haber una candidatura, la de Granada, también en la Comunitat Valenciana, la de Alacant, también en Asturies, la de Gijón. Y en Galicia, ¿cuántas va a haber?*

Hai unha administración chamada a evitar a división: a Xunta de Galiza, o goberno galego. Pero un goberno galego, para ter esa consideración, ten que gobernar e ten que ter visión de país, pero nin unha cousa nin outra. Porque gobernar consiste en tomar decisións e a Xunta prefire, de momento, na práctica, á hora de respaldar unha candidatura ou de indicar a súa orde de preferencia, delegar a súa decisión no informe que emita un grupo de expertos do Nodo Galicia cuxa identidade descoñecemos e que emitirá un informe sobre a base da aplicación duns criterios e indicadores pactados entre eles que tamén descoñecemos.

*Hay una administración llamada a evitar la división: la Xunta de Galicia, el gobierno gallego. Pero un gobierno gallego, para tener esa consideración, tiene que gobernar y tiene que tener visión de país, pero ni una cosa ni otra. Porque gobernar consiste en tomar decisiones y la Xunta prefiere, de momento, en la práctica, a la hora de respaldar una candidatura o de indicar su orden de preferencia, delegar su decisión en el informe que emita un grupo de expertos del Nodo Galicia cuya identidad desconocemos y que emitirá un informe sobre la base de la aplicación de unos criterios e indicadores pactados entre ellos que también desconocemos.*

Por iso, reiteramos o noso voto favorábel a esta candidatura e instamos tamén a Xunta de Galiza a que goberne e a que o faga con visión de país para que Galiza poida acoller a Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial, e consideramos que obxectivamente a mellor cidade para acollela é A Coruña.

Moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Jorquera, grazas ó BNG.

Turno da Marea Atlántica, señora García.

**Señora García Gómez**

Si, bo día a todos e a todas as persoas que van seguindo este pleno.

A Marea Atlántica vai votar a favor da candidatura do Concello da Coruña para albergar a sede da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial, supervisión necesaria nun campo de traballo en constante desenvolvemento e expansión para, bueno, pois para evitar usos nocivos da intelixencia artificial, evitar un uso pouco ético ou axeitado a dereito, promover asesoramento e contar con laboratorios para probas das aplicacións.

A Marea Atlántica apoiou dende o primeiro momento a candidatura da Coruña entendendo que albergar na cidade a sede da Axencia sería un avance positivo para a cidade, por suposto, para a Universidade, tamén especializándose neste sector en expansión, para o ecosistema empresarial dende as *start-ups* e as pequenas empresas ata as de maior envergadura, e crendo que é un

*Por eso, reiteramos nuestro voto favorable a esta candidatura e instamos también a la Xunta de Galicia a que gobierne y a que lo haga con visión de país para que Galicia pueda acoger la Agencia Estatal de Supervisión de la Inteligencia Artificial, y consideramos que objetivamente la mejor ciudad para acogerla es A Coruña.*

*Muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Jorquera, gracias al BNG.*

*Turno de la Marea Atlántica, señora García.*

***Señora García Gómez***

*Sí, buenos días a todos y a todas las personas que van siguiendo este pleno.*

*La Marea Atlántica va a votar a favor de la candidatura del Ayuntamiento de A Coruña para albergar la sede de la Agencia Española de Supervisión de la Inteligencia Artificial, supervisión necesaria en un campo de trabajo en constante desarrollo y expansión para, bueno, pues para evitar usos nocivos de la inteligencia artificial, evitar un uso poco ético o conforme a derecho, promover asesoramiento y contar con laboratorios para pruebas de las aplicaciones.*

*La Marea Atlántica apoyó desde el primer momento la candidatura de A Coruña entendiendo que albergar en la ciudad la sede de la Agencia sería un avance positivo para la ciudad, por supuesto, para la Universidad, también especializándose en este sector en expansión, para el ecosistema empresarial desde las empresas emergentes y las pequeñas empresas hasta las de mayor envergadura,*

avance efectivamente positivo a Marea Atlántica apoia xa dende o primeiro minuto. Non só é un avance positivo, senón que tamén pensamos, como os meus compañeiros de Corporación, que A Coruña reúne todas as condicións para ser unha boa anfitriona desta sede, reúne os accesos, a infraestrutura e, sobre todo, o ecosistema en investigación, na Academia, na Universidade e tamén no mundo da empresa, para impulsar, pois este sector.

*y creyendo que es un avance efectivamente positivo la Marea Atlántica apoya ya desde el primer minuto. No solo es un avance positivo, sino que también creemos, como mis compañeros de Corporación, que A Coruña reúne todas las condiciones para ser una buena anfitriona de esta sede, reúne los accesos, la infraestructura y, sobre todo, el ecosistema en investigación, en la Academia, en la Universidad y también en el mundo de la empresa, para impulsar, pues este sector.*

A Cidade das TIC é un proxecto de referencia, pero é a punta do iceberg do que realmente ten A Coruña que amosar. O 55 % do emprego tecnolóxico de Galicia está na nosa cidade, hai máis de 500 empresas rexistradas, contamos cunha facultade de Informática de referencia e, efectivamente, hai moita creación, moita investigación e moita innovación dende as *start-up* ata, bueno, pois esas empresas máis consolidadas.

*La Ciudad de las TIC es un proyecto de referencia, pero es la punta del iceberg de lo que realmente tiene A Coruña que mostrar. El 55 % del empleo tecnológico de Galicia está en nuestra ciudad, hay más de 500 empresas inscritas, contamos con una facultad de Informática de referencia y, efectivamente, hay mucha creación, mucha investigación y mucha innovación desde las empresas emergentes hasta, bueno, pues esas empresas más consolidadas.*

Por cuestión de coherencia tamén coa nosa traxectoria votaremos a favor desta candidatura. Sendo alcalde Xulio Ferreiro naceu o proxecto da Cidade das TIC, que apoiamos dende o primeiro minuto. Sendo Goberno a Marea Atlántica impulsamos unha estratexia metropolitana de innovación que agora mesmo está paralizada, durme nun caixón como todo o que ten que ver coa área metropolitana, e baseándonos, pois nesta traxectoria, e realmente na aposta de que A Coruña pois sería unha sede excepcional para a AESIA, pois votaremos a favor, como xa lle transmitín ó rector Julio Abalde estes días que acaban de pasar.

*Por cuestión de coherencia también con nuestra trayectoria votaremos a favor de esta candidatura. Siendo alcalde Xulio Ferreiro nació el proyecto de la Ciudad de las TIC, que apoyamos desde el primer minuto. Siendo Gobierno la Marea Atlántica impulsamos una estrategia metropolitana de innovación que ahora mismo está paralizada, duerme en un cajón como todo lo que tiene que ver con el área metropolitana, y basándonos, pues en esta trayectoria, y realmente en la apuesta de que A Coruña pues sería una sede excepcional para la AESIA, pues votaremos a favor, como ya le transmití al rector Julio Abalde estos días que acaban de pasar.*

Aclarado este aspecto, este apoio, practicamente incondicional da Marea Atlántica á candidatura, pois chega o momento de facer un par de reflexións

*Aclarado este aspecto, este apoyo, prácticamente incondicional de la Marea Atlántica a la candidatura, pues llega el momento de hacer un par de reflexiones*

sobre o proceso que está levando esta presentación desta candidatura que é tan importante para A Coruña e para todos os Grupos políticos.

O de menos, o de menos, realmente, é o xeito de convocar este pleno e a falta de respecto á Corporación, eso é o de menos. A nós o que nos preocupa é que amosa o xeito de traballar dun goberno local que está completamente desbordado, desbordado, que vive no caos e que está máis pendente, pois da foto e do espectáculo que de xestionar a cidade no día a día. Nós estamos preocupados e vostedes deberían estalo tamén, pero á hora de presentar unha candidatura para albergar a sede da AESIA, ese é o aspecto menos relevante.

Moito máis relevante é a dificultade de que o Concello e a Xunta de Galicia se poñan de acordo en cuestións absolutamente transcendentais para a cidade e convirtan cada proxecto estratéxico nun auténtico campo de batalla. É relevante que non só non se contactou dende o Concello cos Grupos municipais, senón que tampouco o Goberno local se preocupou de recabar os apoios na cidade entre as forzas vivas, entre o sector empresarial, entre realmente os axentes da cidade para darlle, para coser, para integrar, para moldear unha candidatura que teña un apoio amplo, plural e que sexa integrador.

É relevante tamén que o absentismo da Xunta neste caso, que ten que apadriñar a proposta que se presenta dende as cidades, ese absentismo estea dando lugar ós episodios, pois máis deplorables de localismo e de competición entre candidaturas que a verdade é que contrastan con outros exemplos, que xa se expuxeron aquí no Pleno, de cidades que dalgunha maneira pois xa a estas alturas, xa contan cun apoio decidido, amplo e

*sobre el proceso que está llevando esta presentación de esta candidatura que es tan importante para A Coruña y para todos los Grupos políticos.*

*Lo de menos, lo de menos, realmente, es la manera de convocar este pleno y la falta de respeto a la Corporación, eso es lo de menos. A nosotros lo que nos preocupa es que muestra la manera de trabajar de un gobierno local que está completamente desbordado, desbordado, que vive en el caos y que está más pendiente, pues de la foto y del espectáculo que de gestionar la ciudad en el día a día. Nosotros estamos preocupados y ustedes deberían estarlo también, pero a la hora de presentar una candidatura para albergar la sede de la AESIA, ese es el aspecto menos relevante.*

*Mucho más relevante es la dificultad de que el Ayuntamiento y la Xunta de Galicia se pongan de acuerdo en cuestiones absolutamente trascendentales para la ciudad y conviertan cada proyecto estratégico en un auténtico campo de batalla. Es relevante que no solo no se contactó desde el Ayuntamiento con los Grupos municipales, sino que tampoco el Gobierno local se preocupó de recabar los apoyos en la ciudad entre las fuerzas vivas, entre el sector empresarial, entre realmente los agentes de la ciudad para darle, para coser, para integrar, para moldear una candidatura que tenga un apoyo amplio, plural y que sea integrador.*

*Es relevante también que el absentismo de la Xunta en este caso, que tiene que apadrinar la propuesta que se presenta desde las ciudades, ese absentismo esté dando lugar a los episodios, pues más deplorables de localismo y de competición entre candidaturas que la verdad es que contrastan con otros ejemplos, que ya se expusieron aquí en el Pleno, de ciudades que de alguna manera pues ya a estas alturas, ya cuentan con un apoyo decidido,*

plural, non só das administracións autonómicas, senón que, como comentaba, é importante tamén contar cos apoios dos axentes, das forzas vivas do sector e dos sectores complementarios interesados neste desenvolvemento, pois da tecnoloxía e do desenvolvemento da intelixencia artificial. Comentábase o INIBIC, pero tamén, bueno, pois o sector téxtil, o sector alimentario, etcétera, e as grandes industrias que temos aquí na cidade.

*amplio y plural, no solo de las administraciones autonómicas, sino que, como comentaba, es importante también contar con los apoyos de los agentes, de las fuerzas vivas del sector y de los sectores complementarios interesados en este desarrollo, pues de la tecnología y del desarrollo de la inteligencia artificial. Se comentaba el INIBIC, pero también, bueno, pues el sector textil, el sector alimentario, etcétera, y las grandes industrias que tenemos aquí en la ciudad.*

Entendemos que noutros lugares se está operando doutra manera, estase evitando, pois o localismo e a competición entre diferentes candidaturas de cidades irmás e veciñas e estase evitando tamén facer o xogo político e partidista.

*Entendemos que en otros lugares se está operando de otra manera, se está evitando, pues el localismo y la competición entre diferentes candidaturas de ciudades hermanas y vecinas y se está evitando también hacer el juego político y partidista.*

Poño uns exemplos. Na Comunidade Valenciana, goberno do PSOE e Compromís, pois se aposta por unha sede en Alicante, gobernada polo Partido Popular. En Andalucía, gobernada polo Partido Popular, pois se avoga por Granada que ten un goberno socialista. En Galicia, a Xunta non sabemos onde está, non sabemos a que se dedica e non sabemos realmente por que non está exercendo este labor de mediación que sería **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —si, e xa vou acabando— se non, necesario.

*Pongo unos ejemplos. En la Comunidad Valenciana, gobierno del PSOE y Compromís, pues se apuesta por una sede en Alicante, gobernada por el Partido Popular. En Andalucía, gobernada por el Partido Popular, pues se aboga por Granada que tiene un gobierno socialista. En Galicia, la Xunta no sabemos donde está, no sabemos a qué se dedica y no sabemos realmente por que no está ejerciendo esta labor de mediación que sería **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** —sí, y ya voy acabando— si no, necesario.*

Dende a Marea Atlántica animámoslles a rectificar, realmente a cambiar de rumbo, tanto o Goberno local como o goberno autonómico, a que transformen a competición e o campo de batalla nunha estratexia de cooperación e de integración, que sería o mellor que lle podería pasar á candidatura da Coruña.

*Desde la Marea Atlántica les animamos a rectificar, realmente a cambiar de rumbo, tanto el Gobierno local como el gobierno autonómico, a que transformen la competición y el campo de batalla en una estrategia de cooperación y de integración, que sería lo mejor que le podría pasar a la candidatura de A Coruña.*

Como xa dicía, a Marea Atlántica non será obstáculo e votará a favor da

*Como ya decía, la Marea Atlántica no será obstáculo y votará a favor de la propuesta*

proposta do Concello.

Nada máis, grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señora García, grazas á Marea Atlántica.

Turno para o Partido Popular, señor Lorenzo.

***Señor Lorenzo Torres***

*Bos días a todos, aos medios de comunicación e a quen nos está seguindo o Pleno na tribuna, en directo, e os meus mellores desexos de recuperación de Iago Martínez.*

*Benvida á unanimidade, señora alcaldesa, para que Coruña sexa a sede da Axencia de Intelixencia Artificial. É vostede a última en chegar, pero benvida igualmente, aínda que hai días renegase dela.*

*Dicía o señor Lage que non tiñamos que ter dúbidas. Dúbidas témolas pola forma que ten de actuar este goberno municipal respecto a este tema de que a Axencia veña para A Coruña.*

*O primeiro é este pleno. Xa todos os Grupos políticos criticamos a forma en que se convocou e non responde máis que a esa improvisación a que nos ten afeitos este concello.*

*E dicía vostede, señor Lage,* hoxe damos o primeiro paso. *Sabe cando o deu Granada? O 25 de abril. O 25 de abril Granada xa se posicionou, o 29 de maio Granada avanzou a candidatura, presentouna en Madrid. O 29 de xullo Santiago, cun alcalde socialista, aprobou a declaración institucional. Nós o outro día presentamos aquí esa declaración e*

*del Ayuntamiento.*

